

VALORES ÉTICOS 4º ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A valoración cuantitativa do proceso de aprendizaxe dos alumnos emitirase mediante as cualificacións obtidas nos distintos procesos de avaliación. Seguiranse os seguintes criterios:

- Realización dos traballos e actividades propostas: 80%. Neste apartado terase en conta:
 - Realización dos traballos individualmente ou colectivamente.
 - Lectura, análise e comentario de textos.
 - Análise e valoración, tanto oral coma escrita, de materiais audiovisuais.
 - Probas escritas.
 - Presentacións orais.
 - Caderno de aula.
- Participación activa no desenvolvemento das clases, respecto cara o resto de compañeiros e cara o profesorado: 20%. Neste apartado terase en conta:
 - Todo tipo de actuación ou intervención contraria ás normas da clase e ás normas de comportamento do centro.
 - Non ter material necesario para aproveitar a sesión de clase.
 - Prestarase unha atención especial ao respecto ao material de aula e aos elementos da aula en si mesma (mobiliario, libros de consulta, paredes, etc)
 - Faltas de respecto aos valores básicos de convivencia. Quedan incluídos aquí, expresións que denigren a calquera grupo racial, cultural ou de orientación sexual ou favorables á violencia de calquera tipo.
- Para a correcta valoración das tarefas do alumnado terase en conta:
 - **Traballo:** as actividades propostas son realizadas con aproveitamento e corrección. O grado de desenvolvemento da tarefa proposta, atendendo a criterios tales como madurez expositiva, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - **Ortografía.** 3 faltas de ortografía equivalen á perda de 0,25 puntos con respecto a un total de 10 en cada proba.
 - **Presentación.** Puntuarase positivamente a orde e coidado na presentación.
 - **Caligrafía.** Se non se entende a letra ou a redacción dunha tarefa, non se corraxirá nin valorará a resposta.
 - Os traballos, folios de exame ou cadernos **sen nome**, non se valoran.
 - Nas **presentacións orais** cualificarase a demostración de coñecementos e o grao de eficacia na súa exposición. Así mesmo terase en conta os instrumentos empregados para facilitar a comprensión da información presentada: imaxes, presentacións powerpoint, vídeos ou contidos online.
 - Os traballos terán que ser entregados na **data establecida**. De non ser así, poderán non ser recollidos e, polo tanto, non ser considerados de cara a avaliación da materia.
- Con respecto ás probas escritas:
 - Faranse **exames de recuperación** cada trimestre que deberá ir acompañado da entrega dun caderno de aula completo co traballo realizado nese trimestre. En xuño haberá un exame final.
 - As faltas xustificaranse á titora agás cando non se poida acudir a un exame. **Só se repetirá o exame se o alumno presenta un documento que indique que a ausencia foi por causa de forza maior** (papel médico, xulgado, etc). Un xustificante dos pais non permite repetir o exame.
- Na cualificación final de trimestre, establécense os seguintes criterios:
 - Unha nota **por debaixo do 5** non será considerada un aprobado.
 - A partir do 5, as cualificacións superiores ao '5 (5,5, 6,5, etc) serán **susceptibles de ser ponderadas** de forma ascendente, cara a seguinte cifra. A este respecto, a realización de tarefas de ampliación ou reforzo, o caderno de aula e o apartado "Traballo" serán elementos a ter en conta.